

BOLETÍN INFORMATIVO

DATOS XERAIS DA REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA EN 2022

Ao longo deste ano atendemos 250 cetáceos, 14 lobos mariños e 7 tartarugas mariñas. Destes, 47 (17%) foron exemplares varados vivos.





Toniña en Nigrán




Tartaruga verde na ría de Pontevedra

Ademais – e aínda que inicialmente non son especies obxectivo da rede de varamentos-, rexistráronse 38 quenllas e 7 lontras, sumando un total de 316 animais, dato que un ano máis volve a estar por riba da media anual dende 1990, que é de 236 individuos.



A distribución xeográfica dos varamentos segue o patrón habitual da nosa costa, a maior parte deles rexístranse na costa suroeste, entre A Guarda e Fisterra.



Destacou o varamento de 3 golfinhos común vivos en Boiro, que puideron ser rescatados, e de 13 en Ponteceso que foron reintroducidos polos propios alertantes.



ANIMAIS REHABILITADOS

Nas instalación de rehabilitación atendéronse 4 lobos mariños cincentos (3 na tempada 21/22 e 1 na actual 22/23), e 2 tartarugas mariñas comúns. 3 lobos e 1 tartaruga foron xa liberados no mar. O outro lobiño morreu, e a tartaruga aparecida a finais de novembro aínda está en recuperación.



Un ano máis temos que agradecer ao personal, profesorado e alumnado do IGAF (Illa de Arousa) a súa colaboración e todas as facilidades que nos ofrecen para que os animais poidan afrontar a derradeira fase de recuperación nas súas piscinas. Precisamente alí está agora “Nemiña”. Y por suposto, ás tripulacións e armadores dos barcos que trasladan aos lobos mariños cara o seu lugar de orixe.

ANO CON ESPECIES DE CETÁCEOS RARAS

En Galicia hai rexistros de 24 especies de cetáceos, aínda que non todas aparecen na mesma proporción. O golfinho común é sempre a que presenta maiores números (este ano foron o 54% dos cetáceos), mentres que hai outras das que nin sequera hai 1 dato de media anual.

Este foi o primeiro ano no que coincidiron varamentos de tres especies de cífios (Cuvier, Blainville e Sowerby), e ademais tamén apareceun un cachalote pequeno.

Ademais das mostras habituais que se recollen en todos os varamentos, coas mostras recollidas destas especies puséronse en marcha estudos anatómicos especiais en colaboración coa facultade de veterinaria de Lugo e o hospital veterinario Rof Codina.



Cifio de Cuvier en Foz



Cifio de Sowerby en Xove

PLÁSTICOS E FAUNA MARIÑA

Un ano máis seguimos atopándonos plásticos ou outros obxectos nos animais varados. Abaixo poñémosvos un par de fotos de exemplo.



Plásticos no momo varado en Oleiros



Plásticos e restos de crustáceos expulsados por tartaruga en rehabilitación

“Nemiña”, a tartaruga que continúa en rehabilitación, chegou á praia dese nome enredada nunha maraña de cabos e saco de rafia.



ESQUELETE BALEA PONTECESO

Desenterrouse e limpiouse o esqueleto de balea común que aparecerá en Ponteceso en 2019, pensando na súa futura montaxe, coa colaboración do Concello.



QUENLLA SOLRAIO EN GALICIA

En xuño apareceu en Vilanova de Arousa unha femia adulta de solraio (*Odontaspis ferox*), sendo o primeiro rexistro da especie en Galicia.



O ARROAZ SOLITARIO CONFI, CUN ARPÓN CRAVADO

Neste 2022 continuamos co seguemento do arroaz solitario “Confi” –tamén conhecido como “Manoliño”- na ría de Muros- Noia. Este arroaz está presente na zona dende decembro de 2019 e cada vez busca máis contacto cos humanos.

O feito mais salientable nos últimos meses foi cando apareceu cun arpón cravado no costado o día 30 de outubro no porto de O Freixo.

Dende o primeiro momento especialistas de CEMMA estiveron presentes no porto horas despois do primeiro aviso da presenza do arpón no corpo de CONFI. Púsose en marcha en menos de 24h o primeiro operativo para analizar a situación e intentar collelo, o día 31. Dende aquel momento realizouse unha monitorización diaria e cinco intentos de aproximación. Ademais dos citados 30 e 31, tamén os días 1, 5 e 11.

Día 30: mantívose seguemento no porto ata o solpor. O arroaz estaba alí pero non deixaba ver claramente o arpón, comprobándose que estaba situado no lado esquerdo, e orientado ende atrás cara a parte anterior do corpo. Falando ao longo do día cos alertantes e persoas que o viran nos días anteriores, indicaron que pola mañán achegárase ao pantalán e que intentaron sacarllo tirando del, o que ao mellor provocou que se abrisse un pouco a aleta do arpón dentro do corpo.



Día 31: mantívose o seguemento no porto do Freixo dende primeira hora da mañán, localizándoo e procedendo a nadar con el achegándose pouco a pouco para valorar o mellor posible a situación da ferida.

A análise do arpón indicou que a pesar da gravidade, non afectaba a órganos vitais, que estaba cravado entre 12 e 20 cm, coa pestaña parcialmente aberta e en espazo subcutáneo do costado esquerdo, e de forma ascendente cara dorsal. A ferida non era mortal e non lle impedía a natación.

Nos días 1 e 5 de novembro intentouse de novo achegarse a el contando coa participación dunha trintena de persoas voluntarias, para intentar cercalo e retenelo o tempo suficiente como para retirarlle o arpón, pero non foi posible. Amosábase moito máis desconfiado do habitual en el.

O seu comportamento viuse alterado de dúas maneira:

- Procedía a intentar sacarse el mesmo o arpón mediante roces contra estruturas duras e cabos.
- Apartarse do contacto humano, retrotraéndose ás primeiras fases dos golfinhos solitarios. Isto fíxose cada vea máis evidente nos sucesivos intentos de achegamento nos días seguintes.

Dada a situación e impossibilidade de captura e cerco, decidiuse deixalo tranquilo para buscar unha situación máis idónea. Mántívose un seguemento diario da súa presenza en O Freixo e noutras partes da ría, comprobándose que facía desprazamentos de varias millas sen problemas aparentes na súa natación.



O día 15 recibíuse un aviso de que xa non tiña cravado o arpón no costado. Posteriormente recibíuse o mesmo aviso de outras dúas persoas máis. Desprazados á zona, confirmamos a ausencia do arpón, pero non nos foi posible determinar se lle quedara algunha parte metálica incrustada ou se o arpón saíra integramente.



Fotografías comparando el antes y después de desprenderse el arpón

Durante as acción dos días 1 e 5 houbo varios contactos directos coa varilla e intentouse extraer con chave, en inmersión. Cabe a posibilidade de que estes intentos debilitaran a articulación da aleta do arpón e os golpes de CONFI conseguisen desarticulala. O día 11 a varilla fora observada caída e oscilante, e non ríxida como nos días anteriores. Queda constatar a evolución da ferida co paso do tempo, pero trala primeira semana xa se apreciaba melloría no aspecto externo.

O noso agradecemento a Protección Civil Concello de Outes, GES MUROS, Confraría San Bartolome Noia, Confrarías de Muros e Porto do Son, Seprona de Noia, Vixilancia portos de Galicia, Gardería de Medio Ambiente, Exente Medioambiental do MITECO, a os patróns Félix e Fran, Centro Náutico Municipal do Freixo, Equipo 3-Tragsatec e ao apoio en kaiak de Xosé Lois. A todas as persoas que estiveron pendentes de CONFI e a quen ofreceu a súa colaboración, especialmente ás persoas do sector productivo mariño, e a aquelas que participaron nos operativos ou manifestaron que se podía contar con elas.

EXPOSICIÓNS

Este ano co gallo do 30 aniversario de CEMMA realizáronse varias exposicións sobre as especies de cetáceos, lobos mariños e tartarugas en O Grove, Vilagarcía e Rianxo. Agradecemos á Aula de Natureza da Siradella, Centro comercial Arousa e ao Concello de Rianxo o seu interese e a súa colaboración para poder levalas a cabo.



XORNADA DE COORDINACIÓN DE EMERXENCIAS

O pasado mes de xuño participamos nun simulacro de contaminación mariña na ría de Arousa, provocado por un verquido que afectou á illa de Sálvora, do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.



Ese accidente provocou a activación do Plan CAMGAL e do Plan RIBERA, e a participación de medios estatais e autonómicos para o seu control e a atención á fauna mariña afectada.

TRABALLOS ACADÉMICOS E PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS

Este ano publicáronse cinco artigos científicos a partir dos datos e mostras recollidos pola rede de varamentos. Un sobre a non presenza da toxina BMAA nos cetáceos de Galicia, outra sobre os primeiros rexistros dun cangrexo epibionte de tartarugas mariñas, outro sobre xenética de cifios, y dous sobre parasitos.



Se tedes interese, podedes velos en www.cemmagal.org/publicacions_gal.htm

Ademais, Coro Ripollés presentou un Traballo Fin de Grado en veterinaria sobre a anatomía comparada da lingua de distintas especies, na Facultade de Veterinaria de Lugo da USC.

Y no congreso da Sociedad Española de Cetáceos celebrado en Ibiza presentáronse 5 comunicacións relacionadas con varamentos.



ADEMAIS DOS VARAMENTOS ...

A atención a varamientos, a rehabilitación dos animais que o necesiten e todo o que conleva tamén de divulgación o proxecto REVARGAL é só unha parte do noso traballo.



Tamén levamos a cabo estudos poboacionais, saídas en barco, seguemento dende costa, estudos de fotoidentificación, ... Por favor, visita a nosa web ou síguenos en redes sociais, e non doides en contactar con nós para o que queiras preguntarnos ou no que queiras participar. Abaixo tes todos os datos de contacto.

Este boletín publícase no ámbito do proxecto REVARGAL, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e co apoio da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

CEMMA

Rúa Ceán, nº2. 36350 NIGRÁN (Pontevedra)

Tlf. 686 98 90 08 / 986 36 61 49

<http://www.cemma.org>

E-mail: cemmaorganizacion@gmail.com

<https://www.facebook.com/cemmacetaceos/>

<https://www.instagram.com/cemmacetaceos/>

<https://twitter.com/cemmacetaceos>

<https://www.youtube.com/cemmacetaceos>



REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA

Co apoio de:



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Así o vivimos e así llo contamos.